

Composición histórica: **A vida política da Restauración** (ata 5 puntos):

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0). A resposta é unha paráfrase dos documentos (1).
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5). Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, fórmulase como a resposta a unha pregunta teórica (2).
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -referencia básica ó contexto do período (obxectivos do sistema bipartidista implantado polo canovismo e características xerais del). -explicación básica do proceso electoral e do papel que xogaba o cacique nel. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado): -explicar cando empeza o <i>turnismo</i> e canto tempo estivo funcionando. -explicar cales eran os partidos da quenda e as súas características. -explicar as prácticas coercitivas sobre o electorado. Uso dos documentos, a resposta analiza parte do contido dos documentos: vantaxes e inconvenientes do sistema (doc. 1), actuacións e capacidades atribuídas ós caciques (doc. 2), estratexias da manipulación electoral (doc. 3). Redacción: correcta.
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado e o notable): -precisar como se desenvolveu o sistema de quenda no tempo e cales foron os dirixentes dos principais partidos. -extráese unha conclusión que sintetice a relevancia do período analizado e perfila o que será o futuro do tema presentado. Uso dos documentos: a resposta profundiza nos documentos. Redacción: correcta e precisa, e o texto está ben argumentado.

Composición histórica: **O RETORNO DA MONARQUÍA E A CONSTITUCIÓN DE 1876** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Contextualizar a volta da monarquía borbónica como consecuencia do fracaso e a inestabilidade da I República. -Relacionar o novo réxime político coa figura de Cánovas del Castillo. -Citar as características básicas do sistema da Restauración: xénese conservadora, monarquía constitucional e quenda pacífica de dous partidos. -Sinalar os trazos fundamentais da constitución de 1876: soberanía compartida Coroa/Cortes, papel esencial da monarquía no nomeamento dos gobernos... Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, aprofundar no comentario nalgunha das seguintes cuestións) -Referir o papel esencial de Cánovas no proceso político de retorno da monarquía borbónica (creación do “partido afonsino”, consecución da abdicación de Sabela II, redacción do manifesto de Sandhurst...) -Sinalar a proclamación de Afonso XII como rei a través do pronunciamento militar de signo moderado de Martínez Campos. -Explicar os trazos políticos da Restauración: o papel que no sistema político xogan as institucións básicas (Cortes e Coroa), o funcionamento do denominado “turnismo” entre conservadores e liberais... -Facer fincapé no recurso á quenda pacífica como instrumento de estabilidade política: fórmula para rematar co intervencionismo do exército na vida política española (supremacía do poder civil sobre o militar), evitar a proliferación de enfrontamentos civís, superar o carácter excluínte e partidista do reinado de Sabela II... -Aprofundar nas características da constitución de 1876: sistema bicameral, cuestión relixiosa, dereitos e liberdades... Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións): -Salientar o papel desenvolvido pola raíña Sabela II na volta da monarquía borbónica a España (doc.1). -Relacionar o doc.2 co inicio da quenda pacífica ao asumir o partido liberal de Sagasta o poder por primeira vez.

	-Relacionar de xeito explícito algunha das características da constitución de 1876 cos artigos recollidos no doc.3 Redacción: correcta e texto coherente
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varia das seguintes cuestións) -Referir de xeito explícito as tensións características da I República (enfrentamento entre republicanos, guerra carlista, guerra en Cuba, reivindicacións sociais da AIT, medo dos grupos conservadores á revolución social..) como factores explicativos da Restauración da monarquía borbónica. -Salientar a admiración de Cánovas polo parlamentarismo inglés. -Facer referencia ao desexo de Cánovas de que a restauración monárquica se fixese por vía pacífica e non a través da intervención militar. -Sinalar a constitución de 1876 como unha síntese ou punto medio entre a de 1845 e a de 1869. Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos): -Xustificar a necesidade dunha nova constitución que superase ás do 45 e 69 no doc.1 /Establecer unha relación entre as referencias explícitas que no documento 1 se fai á ausencia de constitución no novo réxime co doc.3 (a propia constitución). -Criticar o papel ficticio das Cortes da Restauración a partir do falso argumento que se recolle no doc.2 (“a representación que nestas Cortes teñen todos os principios e todos os intereses”)/ Comentar as similitudes existentes entre os dous partidos gobernamentais e que posibilitan “a alianza definitiva entre os dous grandes elementos en que hoxe aparece dividida a sociedade española” -Utilizar o artigo 11 recollido no doc.3 á hora de exemplificar como a constitución de 1876 é un punto intermedio entre a de 1845 (Estado confesional) e a de 1869 (Estado aconfesional). Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado

Definición do termo **Pucherazo** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -manipulación dos resultados electorais. -o procedemento consistía na substitución masiva dos votos emitidos nunha urna en beneficio dun candidato concreto.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -o sistema desenvolveuse en paralelo o réxime de quenda. -hai que relacionala coa coacción empregada polos caciques para conseguir os resultados electorais desexados. -foi unha operación frecuente no período da Restauración. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -foi un procedemento desenvolvido a partir de 1875. -con esta práctica conseguían situar ó encaixado no Parlamento. Redacción: correcta e ben exposta.

Definición do termo **Sistema de quenda** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Elemento fundamental do sistema político da Restauración baseado na alternancia pacífica no poder dos dous partidos dinásticos, o conservador e o liberal. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado):

	-Tiña como obxectivo declarado evitar o intervencionismo do exército e os enfrontamentos políticos. -O sistema foi ideado por Antonio Cánovas del Castillo, líder do Partido Conservador e sería posible pola colaboración do líder do Partido Liberal, Práxedes Mateo Sagasta. -A alternancia no poder facíase posible a través da manipulación electoral e a actuación dos caciques. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -O sistema iniciouse tras a chegada de Alfonso XII a España en 1875. -A quenda desenvolveuse regularmente entre 1876 e 1898, cando o sistema entrou en crise; sendo maioría os gobernos conservadores. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Encasillado/ Encaixado/Encadramento**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Mecanismo de fraude electoral característico da Restauración borbónica para manter a quenda de partidos ou <i>turnismo</i> . Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple

Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Consistía na negociación da lista entre o goberno e a oposición dos candidatos que debían saír elixidos nas eleccións. -A lista era pactada polos dous partidos liberais monárquicos (Conservador e Liberal). - Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -A lista entregábase aos gobernadores civís de cada provincia para que a transmitisen aos alcaldes dos concellos, nomeados por ditos gobernadores. -A nivel local, os caciques eran os encargados de garantir o resultado negociado. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Caciquismo** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Prácticas levadas a cabo polos caciques que controlaban as eleccións, para garantir a quenda de partidos durante a Restauración borbónica iniciada en 1875. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado). -Baseábase na existencia de personalidades influentes a nivel local que controlaban unha circunscrición electoral. -Os caciques actuaban mediante o uso da forza, a coacción e a venda de favores. -Os caciques valíanse do seu poder económico, status e influencias -O caciquismo tiña máis forza nas zonas rurais Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Eran os caciques e non os electores quen decidían o resultado das eleccións. -Os chanzos máis importantes nas relacións clientelares de poder eran: a oligarquía madrileña, os Gobernadores Civís e os caciques. -Cos "favores" caciquís agradecían a fidelidade electoral. -Todas estas prácticas explican a apatía electoral durante o período da Restauración. -Lema dos caciques: "para os inimigos a lei, para os amigos o favor". Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Composición histórica: **A cuestión nacional no último terzo do século XIX (ata 5 puntos)**

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	Resposta en branco. A resposta contén xeneralidades sobre a época. A resposta é unha paráfrase dos documentos.
Deficiente (entre 1,5 e 2)	Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: básica e expresión demasiado simple.
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto. -Referir de maneira xenérica a orixe dos movementos nacionalistas na

	tendencia unificadora e centralista dos gobernos liberais. -Indicar as principais características do ideario catalanista (maior autogoberno, protección da industria catalá), galeguista (defensa da lingua, descentralización administrativa) e do nacionalismo vasco (singularidade étnica, defensa do sistema foral). -Nomear algún dos seus principais líderes. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto.
Notable (entre 3,5 e 4,4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións) -Explicar os diferentes contextos nos que xurdiu o catalanismo, o galeguismo e o nacionalismo vasco. -Mencionar algunha das organizacións, movementos culturais ou partidos que defendían as particularidades das “provincias periféricas” e a necesidade de descentralización. -Sinalar a crecente influencia alcanzada polos movementos nacionalistas no panorama político das últimas décadas do século XIX. Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións): -Utilízase o texto para subliñar que os autores do Memorial non cuestionan a unidade territorial do Estado (doc.1). -Faise fincapé na importancia da lingua na conformación das identidades nacionais (doc. 2) -Utilízase o contido do documento 3 para sinalar os elementos utilizados polo nacionalismo para incidir na singularidade vasca (costumes, lingua, raza) Redacción: correcta e texto coherente.

Sobresaliente (entre 4,5 e 5)	Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións) -Afondar nas particularidades (similitudes e diferenzas) dos seus respectivos idearios. -Explicar a evolución da cuestión nacional ao longo desta etapa (casos catalán, galego e vasco) -Comentar outros movementos que xorden neste período: rexionalismo valenciano, andaluz, aragonesismo. Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos) -Sinálanse os prexuízos que segundo o Memorial sufrían os cataláns (doc.1) -Incidese no obxectivo de lograr que o galego non só fose unha lingua amplamente usada, senón tamén unha lingua de cultura (doc. 2) -Subliñase o rexeitamento do español, incidindo na idea da “invasión maketa” (doc. 3) Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.
---	--